

O goberno local do Partido Popular non controla os **Servizos Privatizados**

No próximo pleno do mes de outubro, dende **AER** imos presentar unha moción solicitando que se denuncie o contrato actual do servizo de abastecemento de auga e saneamento, **AQUALIA**. Dito contrato vencerá en outubro de 2018 sempre que unha das partes o denuncie *alomenos* cun ano de antelación; de non ser así a concesión podería prorrogarse por períodos de 5 anos ata un máximo de 50 (ano 2043).



Dende **AER** sempre apostamos por que os servizos públicos volvan ser xestionados directamente polo Concello: **REMUNICIPALIZAR**; e durante este mandato varios dos servizos máis importantes finalizarán os seus contratos: Recadación Municipal, Auga, e as Piscinas. De todos eles, o máis salientable sen dúbida é a xestión da auga e saneamento municipal que ten **Aqualia**. Este servizo privatizouse no ano 1993 (tempos de Xaime Rei), nun principio a empresa concesionaria foi Seragua e posteriormente pasouse a denominar Aqualia.

Dende **AER** temos solicitado continuamente que se reúna de xeito periódico a Comisión de Seguimento dos Servizos Privatizados, para poder analizar o traballo das distintas empresas concesionarias. Á última destas comisións levá-

ronse os informes anuais (2015) de Aqualia, tanto o do abastecemento e saneamento como o da piscina de Chapela.

No concernente á xestión da auga, Aqualia presenta uns gastos de 1.861.829,98 € e uns ingresos de 1.783.819,12 €... **Aqualia perde cartos en Redondela???**

Pese a ter uns ingresos por recibos que xestiona e cobra directamente, de preto de 1.640.000 €, o Concello de Redondela abona en forma de subvención unha taxa anual tanto pola depuradora de Redondela como polo bombeo á depuradora de Teis das augas fecais de Chapela (as que conseguiron chegar ata Teis e non foron "aliviadas" en Arealonga).

Táboa resumo da xestión da auga:

AQUALIA 2015			
Concepto	Ingresos	Gastos	Concepto
Abastecemento	430.912,53€	476.760,87€	Persoal
Saneamento	161.381,92€	359.186,51€	Compra auga bruta
Cota fixa de servizo	1.048.248,51€	12.996,60€	Reactivos
Ingreso por depuración	143.276,16€	168.410,26€	Materiais e repostos
		284.042,14€	Mantemento
		445.550,24€	Resto de custes*
		114.883,36€	Energía eléctrica
TOTAL	1.783.819,12€	1.861.829,98€	TOTAL

*Amortizacións, seguros, sinistros, alugueres, etc

No seguinte cadro aparecen as cantidades abonadas os últimos cinco anos en concepto de transferencias ou subvencións ás depuradoras de Redondela e Teis:

O QUE PAGA O CONCELLO POLAS DEPURADORAS		
	REDONDELA	TEIS
2011	154.398,74€	
2012	127.873,00€	155.779,98€
2013	130.000,00€	186.617,21€
2014	173.364,16€	157.399,36€
2015	173.364,16€	172.008,28€

Auga, recadación, piscinas, lixo, aparcamento: as empresas facturan polos servizos públicos sen o control necesario do Concello

Chamounos a atención nesta última comisión que nos datos aportados por Aqualia:

- Sexan máis do dobre os m3 depurados dos que saíron das estacións potabilizadoras.
- Facturen 360.000 € por "compra de auga bruta", pero non presenten factura.
- Que o Concello abone os bombeos das dúas depuradoras (345.000 € no 2015) pero non teñamos lecturas dos contadores que xustifiquen estes pagos.
- Non dispoñamos dun padrón actualizado.

Pero o peor de todo é que tras cinco anos no goberno, o Partido Popular de Redondela non teña fiscalizado debidamente a esta empresa e se limite a abonar facturas sen esixir xustificantes.

Na comisión dos servizos privatizados do 30 de setembro solicitamos que esta empresa xustificase os datos presentados.

Outro servizo que finalizará proximamente a súa concesión será o de Recadación. Este contrato data de marzo de 2011, época de Xaime Rei, e no 2015 Javier Bas prorrogouno dous anos mais. Este é un dos servizos que máis nos chama a atención, xa que lle pagamos a unha empresa para que "cobre" os impostos municipais. No contrato especificase que esta empresa cobrará unha porcentaxe de cada recibo cobrado, máis aínda se teñen recargo ou se son multas de tráfico.

Como vemos no seguinte cadro, nos últimos anos os ingresos para esta empresa foron en aumento debido a actualizacións de padróns e inspeccións... **(sóavos a plusvalía??):**

RECADACIÓN	
2011	252.000,00€
2012	279.000,00€
2013	296.868,00€
2014	325.689,00€
2015	370.000,00€

Tamén rematan neste mandato as concesións das piscinas municipais: Redondela no 2019 e Chapela en xuño do 2017; en ambos casos os contratos contemplan a posibilidade de que estes se poidan prorrogar. Nos datos económicos que presentaron respecto do ano 2015, ambas obtiñan beneficios. A piscina de Redondela por valor de 34.625 € e a de Chapela por 12.680 €. Por suposto, ademais **están debidamente subvencionadas...**

SUBVENCIÓN ÁS PISCINAS		
REDONDELA		
	GASÓLEO	ELECTRICIDADE
2013	67.750,00 €	40.562,64 €
2014	62.077,00 €	33.118,95 €
2015	33.375,00 €	37.929,41 €
CHAPELA		
	GASÓLEO + ELECTRICIDADE	
2014	64.316,17 €	
2015	64.316,17 €	

Nos dous contratos contéplase, de distinta maneira, que se lles abonen os subministros (electricidade, gasóleo). **Na piscina de Redondela directamente pagábase todo o consumo de electricidade e gasóleo. Tras unha reclamación promovida pola nosa Agrupación, é a concesionaria da piscina, Servicio, a que se fai cargo de parte da factura eléctrica;** pagando o alumeado tal como se recolle nos pregos da concesión.

Isto foi o que aforrou o Concello na electricidade da piscina de Redondela trala reclamación de AER:

	Contía
2016	1.990,37 € (1)
2015	3.421,85 €
2014	6.136,07 €
2013	7.777,49 €
2012	12.812,51 € (2)
TOTAL	32.138,29 €

(1) Dato ata o 14/07/2016.

(2) Inclúense os 10.705 € de reclamar os 4 anos anteriores.

A pesar de que non remata contrato, tamén podemos lembrar **un servizo privatizado como é o da recollida de lixo**. Contrato por 20 anos que data de abril do 2007, época na que "Reinaban" en Redondela PSOE-BNG. Este servizo, a diferenza de outros, non está subvencionado, pero a recadación anual (taxa municipal) dista moito de aproximarse ao que que nos custa o servizo: a concesionaria (Urbaser) e máis Sogama.

Cabe destacar a subida dun 33.5 % que a Xunta de Galicia lle concedeu a Sogama (da que é copropietaria) en marzo de 2014 e que lle supuxo ao Concello de Redondela un aumento nos custes duns 175.000 €. En Xaneiro de 2015 "recapacitaron" e reduciron esa cota nun 10%. Na actualidade o noso Concello paga 67,18 € por cada tonelada de lixo que se traslada ata a planta de Sogama en Cerceda, fronte aos 55,91 que se pagaban en febreiro de 2014.

No ano 2015 trasladáronse dende Redondela case 10.500 toneladas de lixo, cando menos iso é o que din as facturas de Sogama Porque ao igual que con Aqualia nos contadores das EDAR, dende o Concello non se leva ningún tipo de control.

SERVIZO DA RECOLLIDA DO LIXO			
INGRESOS		GASTOS	
TAXA MUNICIPAL		URBASER	SOGAMA
2010	730.584,74 €	2010	1.445.557,19 €
2011	757.183,37 €	2011	972.740,00 €
2012	836.533,65 €	2012	942.338,72 €
2013	822.443,00 €	2013	1.078.718,57 €
2014	862.631,11 €	2014	1.048.098,40 €
2015	845.017,04 €	2015	956.340,00 €

Para finalizar, e aínda que ninguén de nós poderá ver este servizo remunicipalizado, mencionar o "parking" do paseo da Xunqueira; que data do ano 1995 e ten unha concesión de **99 anos**. É o único servizo que proporciona "ingresos" ao Concello, aproximadamente uns 7.500 € anuais, e a súa concesión foi feita xus-

to antes da entrada en vigor da nova lei (xa aprobada) que limitaba a 50 anos o tempo máximo de concesión.

Distintos concellos están polo labor da xestión directa dos servizos públicos. León recuperou os servizos de limpeza e recollida do lixo no 2013, que estaban en mans de Urbaser, e os custes pasaron dos 19,5 millóns de euros anuais a 10,5 millóns de euros actualmente. Valladolid recuperará a xestión pública da auga o vindeiro ano. Aquí en Galicia o pleno do Concello de Pontevedra aprobou o mes pasado a recuperación o vindeiro ano da concesión da recollida do lixo. O concello de Teo (A Coruña) recuperou a concesión do abastecemento de Auga hai un ano.

Con todo isto, o que **cremos dende AER é que o Concello debe explorar as posibilidades de remunicipalizar servizos dos que é propietaria toda a veciñanza**. Servizos que estamos sufragando cos nosos impostos para beneficio de empresas privadas que fan negocio a conta dos concellos. En consecuencia, solicitaremos no vindeiro pleno que se denuncie o contrato con Aqualia e así deixar sen efecto a posibilidade de prórroga do contrato.

Dentro destes contratos que remataban neste mandato tamén se atopaba o da limpeza de edificios municipais, agora mesmo en proceso de licitación, e que creemos que tamén debería ser remunicipalizado. Neste punto **debemos de recoñecer o noso erro** ao non decatarnos da inminente finalización do servizo (novembro 2016). No pleno no que se tratou o novo contrato abstivémonos na votación pois o traballo por parte dos técnicos estaba feito, **o erro fora noso** e o tempo para tramitar o novo contrato era pouco.

***Os datos económicos que aparecen neste boletín sacáronse das Contas Xerais do Concello de Redondela 2011, 2012 ,2013, 2014 e 2015; así como dos informes que as distintas concesionarias envían ao noso Concello.**

Onde están os cartos dos orzamentos participativos do ano 2015??

O Partido Popular non parou de repetir nos plenos, nos consellos parroquiais, na prensa, nas redes sociais e en cada reunión que manteñen cos veciños; que os cartos correspondentes aos orzamentos participativos do 2015 "quedarían sen gastar" por ter os presupostos prorrogados e porque toda a oposición votou en contra da súa proposta de reparto. **A mentira do PP ten as patas moi curtas...**

1) Máis de 63.000 euros correspondentes aos Orzamentos Participativos foron parar á obra da senda peonil en Fortóns:

Xunta de Goberno Local de Redondela, día 9/10/2015:

"A día de hoxe, vese a necesidade de dotar de crédito a dúas aplicacións orzamentarias para:

- Creación de senda peonil en Fortóns, por importe de 63.187,66 euros.

Para elo preténdese utilizar parte do importe orzamentado na aplicación 1531A/61951 "Orzamentos participativos".

Visto que o órgano que debe tomar a decisión é a Xunta de Goberno Local.

É por elo que esta Alcaldía PROPÓN:

PRIMEIRO.– Aprobar o cambio de destino da cantidade de 63.187,66 euros na aplicación 1722A/60900 ("outras actuacións de medioambiente - outras inversións novas en infraestruturas e bens de uso xeral") para a obra citada.

SEGUNDO.– No caso de que existan sobrantes no momento da adxudicación de dita actuación no importe correspondente, dotar de novo

polos mesmos á aplicación orzamentaria 1531A/61951."

2) Case 26.000 euros foron para a ampliación do abastecemento e saneamento en Chapela, e outros 21.000 euros foron para a coordinación de seguridade e saúde para a obra da senda peonil de Fortóns:

Xunta de Goberno Local de Redondela, día 27/11/2015:

"A día de hoxe, vese a necesidade de dotar de crédito a dúas aplicacións orzamentarias para:

- Liquidación de ampliación de abastecemento e saneamento en Penisal, Igrexa e Formiga, Chapela, por importe de 25.893,17 euros.

- Coordinación de seguridade e saúde para a obra da Creación de senda peonil en Fortóns, por importe de 20.962,04 euros.

Para elo preténdese utilizar parte do importe orzamentado na aplicación 1531A/61951 "Orzamentos participativos".

Visto que o órgano que debe tomar a decisión é a Xunta de Goberno Local.

É por elo que esta Alcaldía PROPÓN:

PRIMEIRO.– Aprobar o cambio de destino da cantidade de 25.893,17 euros na aplicación 1611A/60126 ("Abastecemento e Saneamento") para a obra citada.

SEGUNDO.– Aprobar o cambio de destino da cantidade de 20.962,04 euros na aplicación 1601A/61900 ("Saneamento - outras inversións, reposicións de infraestruturas de uso xeral") para a coordinación da obra citada."

Síguenos en



facebook.com/AERedondela



twitter.com/AER_Redondela

Correo electrónico: info@aeredondela.com

www.aeredondela.com

BOLETIN Nº43
25 outubro 2016